

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Intervención

Aprobación definitiva do anexo de subvencións para o exercizo 2019

EDICTO

Aprobación definitiva do expediente de modificación do anexo de subvencións nominativas para o exercizo 2019

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 31 de outubro de 2019, aprobou inicialmente a modificación do anexo de subvencións nominativas para o exercizo 2019

Transcorrido o prazo de exposición pública do acordo provisional, publicado no BOP nº 211 do mércores, 6 de novembro de 2019, non se presentou ningunha reclamación (tal e como consta no certificado da Secretaría Xeral de data 28 de novembro), elevándose, por tanto, a definitivo o acordo provisional, de conformidade co disposto no art. 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que comenzarán a contar ó día seguinte ao da publicación do presente anuncio, tal como dispón o artigo 10 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere oportuno.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 20 do RD 500/99, do 20 de abril, e no artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo.

Ferrol, 28 de novembro de 2019.

A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e EDUSI

María Teresa Deus Trasobares

2019/9577